


**MÚSICA DE
CÁMARA
NO
FORUM**



**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

ANO VI - N.º 1

**ANA HERRÁIZ, clarinete
CARMEN RUÍZ, piano**

**O R G A N I Z A
A U L A D E M Ú S I C A D E C Á M A R A
C O N S E R V A T O R I O S U P E R I O R D E M Ú S I C A
A C O R U Ñ A**

**AUDITORIO FORUM
METROPOLITANO
LUNS, 12 de novembro
20:00 horas**

PROGRAMA

- J BRAHMS** (1833-1897) *Sonata op. 120, nº 1 en fa menor*
- I. Allegro appassionato
 - II. Andante un poco adagio
 - III. Allegretto grazioso
 - IV. Vivace

W. LUTOSLAWSKI (1913-1994) *Dance Preludes*

- I. Allegro molto
- II. Andantino
- III. Allegro giocoso
- IV. Andante
- V. Allegro molto

R. SCHUMANN (1810-1856) *Phantasiestücke, op. 73*

- I. Zart und mit Ausdruck
- II. Lebhaft, Leich
- III. Rasch und mit Feuer

Ana Herráiz Alijas, clarinete
Carmen Ruíz Gámez, piano

J BRAHMS, Sonata op. 120, nº 1 en fa menor

Unha vez máis, Brahms aborda un xénero novo comezando nunha tonalidade menor, ata na súa época tardía. O seu *appassionato* non é un rescoldo, pero arde a lume lento, e a súa economía nalgunhas partes da escritura, na que os anos reforzaron a súa predisposición a non escribir dúas notas onde unha soa é suficiente, confire á música unha austeridade máis ben consumida, especialmente ao principio. Aínda que os motivos da exposición aparecen cada un como personaxes novos, as relacións entre eles despréganse sutilmente a medida que a música avanza. O *sostenuto ed espressivo* da coda resume o movemento nunha emoción concentrada, e con todo tamén aquí segue derivando dun material anterior.

No *andante* as suaves *roulades* teñen unha vea de fantasía peculiar. Aínda que a forma sonata a penas se distingue, a elaboración densamente integrada dos motivos equilibra as amplas harmonías dando a impresión dunha continua canción ao estilo nocturno.

O carácter principal do seguinte movemento é como un suave *Ländler*. A súa contrastante sección central constitúe a última visita de Brahms á tonalidade de Fa menor, unha tonalidade que desde a súa primeira Sonata

para piano, Op. 5, evocou a paixón turbulenta. Aquí por fin é docemente melancólica, e aproveita as notas graves do clarinete.

O último movemento é un alegre e extravertido rondó (ABACBA). A sección C deste esquema está na tonalidade menor; tendo en conta a densidade coa que está tecida o resto da sonata, esta sección distínguese curiosamente, quizá como deliberado contraste ao omnipresente motivo de tres notas repetidas.

W. LUTOSLAWSKI, Dance Preludes

Estas cinco pezas, de 1953, mesturan influencia de Bartók, o estudo de vellas danzas polacas e a experiencia na escritura para instrumentos de lingüeta. Por outra banda, este ciclo é contemporáneo de *A cadea de palla*, suite de melodías campesiñas para mezzo-soprano acompañada por frauta, óboe, clarinete e fagot. A primeira versión dos *Preludios de danza* foi para clarinete e piano, e propuxo unha estilización das *fujarka*, *polka*, *piosenka*, etc., postas en escena coa *Pequena Suite para cordas* (1950-1951). Lutoslavski transcribió estes *Preludios*, a partir de finais de 1955, para pequeno conxunto de cámara que acompaña ao clarinete -mestre de baile-, con cordas, arpa, piano e percusión. Esta suite de preludios segundo cantos populares polacos foi estendida, en 1959, a un pequeno conxunto formado por quinteto de ventos (frauta, óboe, corno inglés, clarinete e fagot) e violín, viola, violoncello e contrabaixo.

R. SCHUMANN, Phantasiestücke, op. 73

Segundo o diario de Schumann, estes tres fragmentos curtos foron escritos o 11 e 12 de febreiro de 1849. Tras unha execución privada o día 18 (Clara acompañou a un músico da *Hofkapell* de Dresde), a estrea pública tivo lugar en Leipzig, o 14 de xaneiro de 1850. A partitura foi editada en xullo de 1849 por Luckhardt, en Kassel. O manuscrito (conservado na Biblioteca Nacional de París) presenta traza de abundantes retoques. En balde buscarase aquí o clima fantástico das *Phantasiestücke op. 12* para piano de 1837 (o título primitivo de *Soiréestücke* adecuábase case mellor). Cada páxina, construída en forma de Lied con coda, é intensamente lírica e explota ao máximo as sonoridades nostálgicas do clarinete en *la*, de timbre aveludado, elegante (os románticos con frecuencia preferían ao clarinete en *si bemo*). A interpretación ao violín ou ao violoncello, máis ben prexudica a esta música que liga a Weber co Brahms das últimas obras para clarinete. De peza en peza, o tempo acelérase, pero o compás de 4/4 e os tresillos do acompañamento pianístico permanecen. Obsérvanse melodías asimétricas e piano e clarinete frecuentemente dóbranse, o que son características do último Schumann. Os tres fragmentos sucédense sen interrupción (*Attaca*).